

DEREITO DA SEGURIDADE SOCIAL

MARIA BELÉN FERNÁNDEZ DOCAMPO

Profesora titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social

Universidade de Vigo (España)

belendocampo@uvigo.gal

Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Social), do 26 de novembro de 2025 (recurso de casación para a unificación de doutrina núm. 3822/2023).

RESUMO: Pensión contributiva de xubilación no traballo a tempo parcial. Cómputo da carencia específica. A aplicación do coeficiente de parcialidade reduce inxustificadamente os días cotizados e establece un trato desfavorable respecto das persoas traballadoras a tempo completo. Vulneración do principio de igualdade e discriminación indirecta por razón de sexo. O TS estima o recurso e recoñece o dereito á pensión de xubilación ao computar integramente os días durante os cales o recorrente permaneceu de alta cun contrato a tempo parcial, sen reducilos en proporción á xornada traballada. Aplicación dunha doutrina xurisprudencial e constitucional xa consolidada, actualmente recollida no art. 247.1 LXSS. Feitos acontecidos antes da reforma do dito precepto polo RD-Lei2/2023, do 16 de marzo

NORMAS APLICADAS:

Art. 14 CE.

Arts. 205.1.b), 247 e 248 LXSS.

Art. 219 LRXS.

A sentenza comentada resolve un recurso de casación para a unificación de doutrina no que se discute como deben computarse os períodos traballados a tempo parcial para

acreditar a carencia específica esixida para acceder á pensión contributiva de xubilación. Máis concretamente, a controversia consiste en determinar se os días durante os cales o traballador permaneceu de alta cun contrato a tempo parcial deben computarse integramente ou se, pola contra, procede reducilos mediante a aplicación do coeficiente de parcialidade previsto na redacción do artigo 247 LXSS anterior á modificación operada no dito precepto polo RD-Lei 2/2023, do 16 de marzo.

O traballador solicitou a súa pensión de xubilación no mes de marzo de 2021. Segundo o seu informe de vida laboral, permanecera de alta na Seguridade Social durante 5.994 días. Porén, o INSS denegou a prestación ao entender que non acreditaba a carencia específica requirida. Tras aplicar o coeficiente correspondente aos períodos traballados a tempo parcial, computoulle unicamente 422 días dentro do período de referencia, fronte aos 680 que se lle esixían no seu caso. A demanda interposta contra a resolución administrativa foi desestimada polo Xulgado do Social núm. 4 de Lugo, fallo que foi posteriormente confirmado pola Sala do Social do TSX de Galicia na sentenza do 1 de xuño de 2023 (recurso de suplicación núm. 5166/2022).

Disconforme coa resolución de suplicación, o traballador interpuxo recurso de casación para a unificación de doutrina e achegou como sentenza de contraste a ditada polo propio TSX de Galicia o 29 de outubro de 2021 (recurso de suplicación núm. 1793/2021). No seu momento, esta resolución sentara un precedente clave nesta materia ao determinar que o coeficiente de parcialidade non debía utilizarse para reducir o número de días cotizados ao comprobar o cumprimento dos requisitos de acceso á xubilación, evitando así que se lles denegase inxustificadamente a pensión ás persoas traballadoras a tempo parcial por non acadaren o período mínimo de carencia esixido. O criterio sostido nesta sentenza foi posteriormente asumido polo TS ao unificar a doutrina fronte a outras resolucións das salas do social que si aplicaban reducións aos períodos cotizados das persoas traballadoras a tempo parcial.

No presente litixio, o TS aprecia sen dificultade a contradición esixida polo artigo 219 LRXS. En ambas as resolucións, a impugnada e a achegada como sentenza de contraste, analízase o acceso á pensión de xubilación de persoas que traballaran a tempo parcial e ás que o INSS reducira os días cotizados dentro do período de carencia específica. Malia a identidade substancial dos feitos, fundamentos e pretensións, as sentenzas comparadas alcanzaran solucións opostas.

Entrando, por tanto, no fondo do asunto, a Sala lembra que a controversia agora formulada xa fora resolta en anteriores pronunciamentos do TS, entre os que cita as sentenzas do 5 de marzo de 2025 (recurso de casación para a unificación de doutrina núm. 1238/2023), do 9 de abril de 2025 (recurso de casación para a unificación de doutrina núm. 189/2023) e do 27 de maio de 2025 (recurso de casación para a unificación de doutrina núm. 3173/2023). En todos eles se concluíu que, para determinar os períodos de cotización necesarios para acceder á xubilación, non debía aplicarse o coeficiente de parcialidade contido na anterior redacción do artigo 247 LXSS. A sentenza do 26 de novembro de 2025 non inaugura, por tanto, unha nova liña interpretativa, senón que consolida unha doutrina xa asentada pola propia Sala, construída, á súa vez, sobre a xurisprudencia constitucional fixada na STC 91/2019, do 3 de xullo.

Para o TC, a diferenza de trato existente entre as persoas traballadoras a tempo completo e as persoas traballadoras a tempo parcial non está xustificada e resulta contraria ao principio de igualdade. O TC parte de que a contía da pensión depende da base reguladora e do período de cotización. A menor xornada da persoa traballadora a tempo parcial xa se reflicte nunhas bases de cotización inferiores e, por tanto, nunha pensión de menor contía. Porén, o antigo coeficiente de parcialidade engadía unha segunda redución ao diminuír tamén os días cotizados, mentres que ás persoas traballadoras a tempo completo se lles computaba integramente todo o período de alta. Esta diferenza carece dunha xustificación obxectiva e razoable, pois a obriga de cotizar mantense durante todo o tempo en que a persoa permanece de alta, con independencia de que traballe a

tempo completo ou a tempo parcial. En consecuencia, reducir, ademais, o período de cotización supón unha penalización desproporcionada, especialmente gravosa para as persoas con menores porcentaxes de parcialidade, e vulnera o principio de igualdade.

A sentenza obxecto desta recensión tamén cualifica o sistema como discriminatorio por razón de sexo. Aínda que o demandante sexa un home, iso non impide apreciar a existencia dunha discriminación indirecta. Esta prodúcese cando unha regra formulada en termos aparentemente neutros ocasiona unha desvantaxe particular ás persoas dun determinado sexo, salvo que responda a unha finalidade lexítima e resulte adecuada e necesaria. Neste caso, o traballo a tempo parcial afecta maioritariamente ás mulleres, de maneira que a redución dos períodos cotizados prexudica especialmente as traballadoras. A inaplicación dunha regra contraria ao artigo 14 CE beneficia, non obstante, a todas as persoas afectadas por ela, calquera que sexa o seu sexo.

Aplicada esta doutrina ao suposto examinado, o TS conclúe que o traballador recorrente cumpre os requisitos legais. Acreditaba 5.994 días de alta e cotización e, unha vez eliminada a redución derivada do coeficiente de parcialidade, superaba os 680 días esixidos dentro do período de referencia. En consecuencia, reunía tanto a carencia xenérica como a carencia específica e tiña dereito á pensión de xubilación. A Sala estima o recurso, casa e anula a sentenza do TSX de Galicia e revoga a resolución desestimatoria ditada na instancia.

A solución acadada merece unha valoración positiva. A xornada parcial non implica que a relación laboral exista unicamente durante unha fracción de cada día. A persoa permanece de alta durante toda a vixencia do contrato e a obriga de cotizar mantense durante ese período. A parcialidade debe reflectirse nas bases de cotización e, de ser o caso, na contía da prestación, pero non pode utilizarse para converter un día de alta nunha fracción de día para os efectos de acreditar os períodos mínimos de cotización.

Non obstante, o problema analizado ten actualmente unha menor proxección práctica, pois o lexislador modificou o artigo 247 LXSS mediante o RD-Lei 2/2023. A súa redacción

vixente establece que, para acreditar os períodos de cotización necesarios para acceder ás prestacións de xubilación e de incapacidade permanente, entre outras, deben computarse todos os períodos durante os cales a persoa estivese de alta cun contrato a tempo parcial, calquera que sexa a duración da xornada. A reforma, vixente desde o 1 de outubro de 2023, trasladou ao texto legal o criterio de equiparación entre o traballo a tempo parcial e o traballo a tempo completo no que atinxe ao cómputo dos períodos de cotización.

A relevancia da sentenza concéntrase, por tanto, nas pensións causadas baixo a regulación anterior e na consolidación dunha doutrina aplicable a outras prestacións. A propia Sala lembra que xa excluíu a utilización do coeficiente de parcialidade en relación coas pensións de viuvez e de incapacidade permanente e con determinados períodos asimilados a cotizados. Confírmase así unha interpretación transversal orientada a eliminar unha diferenza de trato que penalizaba de maneira desproporcionada as persoas traballadoras a tempo parcial. En definitiva, o TS establece que os períodos de alta cun contrato a tempo parcial deben computarse integramente para determinar a carencia específica da pensión de xubilación. A menor duración da xornada pode repercutir lexitimamente nas bases de cotización e na contía da pensión, pero non xustifica a redución adicional do tempo cotizado. Con esta solución, a sentenza restablece a igualdade entre as persoas traballadoras a tempo completo e a tempo parcial e evita que unha modalidade contractual especialmente feminizada se converta nun obstáculo inxustificable para acceder á protección contributiva por xubilación.

Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Social), do 3 de decembro de 2025 (recurso de casación para a unificación de doutrina núm. 1621/2024).

RESUMO: Incapacidade temporal (IT) inicialmente recoñecida como derivada de enfermidade común (EC) e posteriormente cualificada como accidente de traballo (AT)

nun procedemento de determinación de continxencia iniciado pola traballadora. Determinación dos efectos económicos da nova cualificación. O Tribunal Supremo (TS) declara que resulta irrelevante que o cambio de continxencia sexa acordado administrativamente polo INSS ou en vía xudicial. Cando o procedemento se inicia por instancia da persoa beneficiaria, o artigo 53.1 LXSS limita a retroactividade dos seus efectos económicos aos tres meses anteriores á solicitude. Estimación do recurso interposto pola mutua e limitación dos efectos económicos ao 26 de decembro de 2020.

NORMAS APLICADAS:

Arts. 53.1 e 129.1 LXSS.

Art. 6 RD 1430/2009, do 11 de setembro.

Art. 39.1 e 3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Arts. 219.1 e 235.1 LRXS.

A sentenza obxecto do presente comentario resolve unha cuestión particular de escasa relevancia, pero de notable transcendencia práctica: a data a partir da cal deben producirse os efectos económicos da modificación da natureza da continxencia causante dunha prestación. Neste caso, trátase dunha IT inicialmente recoñecida como derivada de EC e posteriormente declarada de orixe profesional. A controversia non afecta, por tanto, á cualificación da continxencia -fixada como AT e non discutida-, senón exclusivamente ao alcance temporal das súas consecuencias económicas.

A traballadora demandada nos presentes autos prestaba servizos como auxiliar de enfermaría nunha residencia de persoas maiores na que existía un gromo activo de COVID-19. Tras atender persoas usuarias contaxiadas, obtivo un resultado positivo nunha proba PCR practicada o 28 de outubro de 2020 e iniciou un proceso de IT o día 30 do mesmo mes, inicialmente cualificado como EC.

Uns meses despois, en concreto, o 26 de marzo de 2021, a afectada instou un procedemento administrativo de determinación da continxencia. O INSS declarou que a IT derivaba de AT e atribuíu á mutua a responsabilidade da

prestación económica correspondente e ao SERGAS a relativa á asistencia sanitaria. Cómpre ter en conta as disposicións aprobadas naquela época que atribuían a consideración de continxencia profesional a determinadas prestacións derivadas do virus SARS-CoV-2. En concreto, no que se refire ao presente caso, a disposición adicional cuarta do RD-Lei 28/2020, do 22 de setembro, de traballo a distancia. A mutua impugnou xudicialmente a resolución no relativo á natureza da continxencia e solicitou, ademais, con carácter subsidiario, que os efectos económicos do cambio de continxencia se limitasen aos tres meses anteriores á solicitude inicial da traballadora, isto é, a partir do 26 de decembro de 2020.

Tanto o Xulgado do Social núm. 3 de Lugo como a Sala do Social do TSX de Galicia, na súa sentenza do 21 de febreiro de 2024 (recurso de suplicación núm. 681/2023), rexeitaron esta última pretensión e recoñeceron os efectos económicos da prestación desde o inicio da IT, isto é, desde o 30 de outubro de 2020. A Sala galega entendía que non resultaba aplicable a xurisprudencia invocada pola mutua porque, no suposto agora examinado, fora o propio INSS o que recoñecera administrativamente a orixe profesional da continxencia, mentres que nos precedentes alegados o cambio se producira en vía xudicial.

Persistindo na súa desconformidade, a mutua interpuxo recurso de casación ante a Sala do Social do TS. Unha vez comprobada a existencia de contradición respecto da sentenza de contraste -en concreto, a ditada polo TSX do País Vasco o 6 de febreiro de 2018 (recurso de suplicación núm. 2502/2017)-, o TS analiza a normativa aplicable nestes supostos. En particular, examina o art. 6 RD 1430/2009, do 11 de setembro, que regula o procedemento administrativo de determinación da continxencia causante dos procesos de IT, desde a lexitimación para inicialo ata o contido da resolución. Agora ben, o problema reside en que a referida disposición regulamentaria non determina ata que data poden retrotraerse os efectos da prestación económica.

Ante o silencio normativo, a Sala do Social do TS acode ás regras xerais sobre a eficacia dos actos administrativos. En concreto, á Lei 39/2015, do 1 de outubro, e, en particular, ao seu art. 39, ao que se remite expresamente o art. 129 LXSS.

Todo iso se complementa co contido do art. 53 LXSS. A partir dunha lectura conxunta destes preceptos, a sentenza establece unha doutrina que achega seguridade xurídica a este tipo de controversias e evita que a determinación do alcance temporal dunha prestación dependa do sentido favorable ou desfavorable da resolución administrativa.

No que atinxe á cuestión aquí controvertida, o art. 39 da Lei 39/2015 regula a eficacia temporal dos actos administrativos. En particular, o seu apartado 1 establece, con carácter xeral, que: "Os actos das Administracións públicas suxeitos ao dereito administrativo presumíranse válidos e producirán efectos desde a data en que se diten, salvo que neles se dispoña outra cousa". Pola súa parte, o apartado 3, como excepción á regra anterior, sinala que: "Excepcionalmente, poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados, así como cando produzan efectos favorables para a persoa interesada, sempre que os supostos de feito necesarios existisen xa na data á que se retrotraia a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas".

A partir deste punto, o razoamento da Sala adquire especial interese. En primeiro lugar, o acto administrativo comeza normalmente a producir efectos desde a data en que se dita. Trátase da regra de eficacia *ex nunc*: o acto despreza consecuencias cara ao futuro e non respecto de períodos anteriores. Aplicada ao caso concreto, a resolución do INSS que modifica a continxencia da IT constitúe un novo acto administrativo. A traballadora estaba a percibir unha prestación de IT derivada de EC e, posteriormente, o INSS declarou que derivaba de AT. Por tanto, os efectos produciríanse desde a data en que se ditase a resolución. Non obstante, o art. 39.3 da Lei 39/2015 permite, excepcionalmente, que un acto administrativo produza efectos desde unha data anterior a aquela en que se dita. Esta posibilidade existe cando o acto substitúe outro anulado ou cando resulta favorable para a persoa interesada, sempre, neste último caso, que os presupostos de feito xa existisen na data á que se pretende retrotraer a súa eficacia e que non se prexudiquen os dereitos ou intereses lexítimos de terceiros. No suposto analizado, a nova cualificación da IT

como derivada de AT era favorable para a traballadora e os feitos que xustificaban a súa orixe profesional xa concurrían desde o inicio da baixa. O problema xorde co segundo requisito. A retroacción completa prexudicaba economicamente á mutua, que pasaba a ser responsable da prestación correspondente ao período anterior e a asumir as diferenzas e os reintegros derivados do cambio de continxencia. A existencia deste prexuízo para terceiros impide que o art. 39.3 da Lei 39/2015 autorice, por si só, a retroacción dos efectos económicos ata o inicio da IT.

Porén, neste caso existe unha norma específica de Seguridade Social: o artigo 53.1 LXSS. Este precepto dispón que, cando unha solicitude de revisión afecta ao contido económico dunha prestación xa recoñecida, os efectos económicos da nova contía poden retrotraerse, como máximo, aos tres meses anteriores á presentación da solicitude. Trátase dunha norma especial fronte á regulación xeral da Lei 39/2015. Isto é, non exclúe completamente a retroactividade, pero tampouco permite levala sempre ata o inicio da IT: establece unha solución intermedia e limítala a tres meses.

Por tanto, a sucesión das regras é a seguinte:

Primeira regra: conforme ao artigo 39.1 da Lei 39/2015, a resolución produciría efectos desde a data en que se dita.

Segunda regra: o artigo 39.3 da Lei 39/2015 podería permitir unha eficacia anterior, pero non cando a retroacción prexudique os dereitos ou intereses lexítimos de terceiros.

Terceira regra: o artigo 53.1 LXSS, como norma especial, autoriza unha retroactividade económica limitada aos tres meses anteriores á solicitude.

En definitiva, a sentenza separa dúas cuestións que non deben confundirse, e niso radica a relevancia deste litixio. A primeira é a natureza da continxencia: a IT deriva de AT porque a orixe profesional xa existía cando comezou a baixa. A segunda son os efectos económicos desa nova cualificación. Aínda que a continxencia sexa profesional desde a súa orixe, as consecuencias económicas do cambio -a diferenza na contía e a atribución de responsabilidade á mutua- só se producen desde os tres meses anteriores á solicitude. Isto é, a sentenza obxecto desta recensión recoñece que o proceso

tiña orixe profesional desde o principio, pero limita as consecuencias económicas dese recoñecemento ao período iniciado o 26 de decembro de 2020.

Esta separación pode resultar discutible desde unha perspectiva protectora, porque a cualificación inicial era incorrecta desde o comezo. Porén, o TS considera que o artigo 53.1 LXSS fai depender a retroactividade económica da dilixencia da persoa beneficiaria ao promover o procedemento: se promove tardiamente a determinación da continxencia, non pode recuperar as diferenzas económicas correspondentes a máis de tres meses anteriores á súa solicitude.

Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do Social), do 3 de setembro de 2025 (recurso de suplicación núm. 3557/2024).

RESUMO: Complemento por mínimos dunha pensión de incapacidade permanente total (IPT). Pensionista inscrito xunto coa súa parella no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia que solicita o complemento correspondente á situación de cónxuxe a cargo. A Sala considera que o termo “cónxuxe” esixe a existencia dun vínculo matrimonial e non comprende as parellas de feito, sen que proceda aplicar por analoxía a regulación prevista para outras prestacións da Seguridade Social. A equiparación entre o matrimonio e a parella de feito establecida na lexislación civil galega limitase ao ámbito de aplicación desa lexislación. Desestimación do recurso de suplicación e confirmación da denegación do complemento.

NORMAS APLICADAS:

Arts. 14 e 41 CE.

Art. 59 LXSS.

Disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito civil de Galicia.

Art. 7 RD 1058/2022, do 27 de decembro.

A sentenza da Sala do Social do TSX de Galicia do 3 de setembro de 2025, obxecto desta recensión, resolve a

cuestión de se unha persoa pensionista que convive coa súa parella de feito, economicamente dependente dela, pode acceder ao complemento por mínimos previsto para quen ten cónxuxe a cargo. A Sala responde negativamente, ao considerar que esta modalidade do complemento por mínimos está reservada ás persoas unidas mediante vínculo matrimonial.

O demandante, titular dunha pensión de IPT, estaba inscrito xunto coa súa parella no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia desde xullo de 2008. En xuño de 2023 solicitou o complemento por mínimos recoñecido ás persoas pensionistas con cónxuxe a cargo, solicitude que foi denegada polo INSS. O Xulgado do Social núm. 4 de Ourense confirmou a resolución administrativa, polo que o pensionista interpuxo recurso de suplicación invocando, entre outras normas, os arts. 14 e 41 CE, o art. 59 LXSS e a disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de Dereito Civil de Galicia.

A controversia céntrase, por tanto, en determinar se a persoa que integra unha parella de feito formalmente constituída pode ser considerada “cónxuxe a cargo” para os efectos do complemento por mínimos, malia non existir vínculo matrimonial.

Sobre a normativa aplicable cómpre efectuar unha precisión inicial. A sentenza reproduce a doutrina contida en resolucións anteriores referidas ao art. 7 do RD 1170/2015, do 29 de decembro. Porén, como a solicitude obxecto do litixio se presentou en xuño de 2023, a disposición aplicable nese momento era o art. 7 do RD 1058/2022, do 27 de decembro, sobre revalorización das pensións para o dito exercicio. Con todo, esta precisión non afecta ao sentido do fallo, pois ambas as normas manteñen unha regulación substancialmente coincidente do concepto de cónxuxe a cargo.

O citado precepto -art. 7 do RD 1058/2022, do 27 de decembro- considera que existe cónxuxe a cargo cando este convive coa persoa pensionista e depende economicamente dela. Ademais, presume a convivencia mentres se manteña o vínculo matrimonial, sen prexuízo de que a Administración poida destruír esta presunción se comproba o contrario.

Desde logo, a referencia expresa do RD 1058/2022, do 27 de decembro, aos termos cónxuxe e vínculo matrimonial proporciona unha base textual suficientemente clara para entender que a norma contempla unicamente as persoas casadas.

Agora ben, o sentido desestimatorio do fallo non se sustenta unicamente no teor literal da citada disposición regulamentaria, senón tamén nunha interpretación sistemática desta, posta en relación co conxunto da normativa de Seguridade Social. En concreto, a Sala galega sinala que o termo “cónxuxe” se emprega de maneira constante nas disposicións reguladoras dos complementos por mínimos -leis de orzamentos e decretos de revalorización- e que, cando o lexislador quixo recoñecer dereitos ás parellas de feito, fíxoo expresamente, como sucede coa pensión de viuvez (FUNDAMENTO XURÍDICO SEGUNDO).

Aos argumentos de carácter normativo, o TSX engade o respaldo da doutrina xudicial, que, en supostos similares, declarou que o concepto de “cónxuxe” empregado pola regulación dos complementos por mínimos se refire exclusivamente a quen está unido á persoa pensionista mediante vínculo matrimonial. Ao mesmo tempo, rexeitou que a ausencia dunha exclusión expresa das parellas de feito permita consideralas comprendidas na dita regulación. Entre as resolucións citadas pola sentenza agora comentada atópase a sentenza do TSX de Galicia do 30 de xaneiro de 2018 (recurso de suplicación núm. 4389/2017) (FUNDAMENTO XURÍDICO SEGUNDO). En definitiva, aínda que a sentenza non o formule expresamente nestes termos, os argumentos expostos poden reconducirse, por unha banda, á improcedencia de estender por *analogía* o complemento a unha categoría de persoas beneficiarias non prevista pola norma e, por outra, ao *principio de legalidade* que rexe en materia de prestacións de Seguridade Social. Ao tratarse de prestacións financiadas con fondos públicos, a determinación das persoas beneficiarias e dos requisitos de acceso esixe unha habilitación normativa expresa.

Tampouco permite chegar a unha conclusión distinta a disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño,

de Dereito Civil de Galicia, que equipara ao matrimonio “as relacións maritais mantidas con intención ou vocación de permanencia”, pero faino expresamente “para os efectos da aplicación desta lei”. O seu alcance circunscríbese, por tanto, ás institucións reguladas polo Dereito civil galego e non pode trasladarse automaticamente ás prestacións do sistema estatal de Seguridade Social. Neste punto, a argumentación da sentenza obxecto desta recensión podería ter sido algo máis precisa, pois non desenvolve suficientemente as razóns que impiden aplicar a dita disposición ao complemento reclamado. Tería sido conveniente salientar tanto a limitación contida na propia disposición normativa como a imposibilidade de que unha norma autonómica de natureza civil altere os requisitos dunha prestación pública estatal.

En fin, desde unha perspectiva estritamente xurídica, a decisión parece correcta. A expresión “cónxuxe a cargo” ten un significado preciso e vinculado ao matrimonio, polo que a súa extensión ás parellas de feito excedería os límites dunha interpretación razoable da norma. Correspóndelle ao lexislador, e non aos tribunais, determinar se deben ampliarse as persoas beneficiarias do complemento.

A solución suscita, non obstante, algunhas dúbidas desde o punto de vista da finalidade protectora da institución. Os complementos por mínimos pretenden garantir un determinado nivel de ingresos ás persoas pensionistas con recursos insuficientes. Cando existe unha parella de feito estable, formalmente inscrita e economicamente dependente, a situación material pode ser idéntica á dun matrimonio con cónxuxe a cargo.

A diferenza de trato fundaméntase exclusivamente na existencia ou inexistencia dun vínculo matrimonial, malia que a necesidade económica atendida polo complemento pode ser a mesma. Tería sido desexable que a sentenza analizase con maior detemento a alegación relativa ao art. 14 CE, pois o recurso non formulaba unicamente un problema de interpretación da legalidade ordinaria, senón tamén a posible falta de xustificación desta diferenza de protección.

Iso non significa que a Sala puidese recoñecer o complemento á marxe da súa regulación. Unha interpretación xudicial extensiva suscitaría, ademais, dificultades para

determinar que parellas de feito deberían quedar comprendidas e que requisitos de constitución, inscrición ou convivencia terían que esixirse. A reforma debe proceder do lexislador, que podería vincular o complemento á convivencia estable e á dependencia económica efectiva, con independencia do estado civil da persoa pensionista, tendo en conta a finalidade asistencial dos complementos por mínimos.

Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do Social), do 29 de outubro de 2025 (recurso de suplicación núm. 1471/2025).

RESUMO: Determinación da continxencia nun proceso de incapacidade temporal (IT) iniciado por enfermidade común (EC). Traballador dedicado á manipulación de cartón que solicita a cualificación da continxencia como derivada de enfermidade profesional (EP). A Sala rexeita a revisión dos feitos probados e considera que a lesión determinante -rotura do labrum- non se encontra incluída no cadro de enfermidades profesionais aprobado polo RD 1299/2006, do 10 de novembro. Inaplicación da presunción de laboralidade propia das enfermidades incluídas no cadro. Rexeitamento da posible cualificación como accidente de traballo por constituír unha cuestión nova formulada en suplicación. Desestimación do recurso e confirmación da orixe común da IT.

NORMAS APLICADAS:

Arts. 156 e 157 LXSS.

RD 1299/2006, do 10 de novembro.

Arts. 193 e 235 LRXS.

A sentenza da Sala do Social do TSX de Galicia do 29 de outubro de 2025 resolve o recurso de suplicación interposto por un traballador contra a resolución do Xulgado do Social núm. 7 da Coruña que confirmara o carácter común dun proceso de IT. A cuestión central consistía en determinar se as patoloxías que presentaba o demandante no ombreiro dereito podían cualificarse como enfermidade profesional, por estar directamente relacionadas coas tarefas de

manipulación manual de cargas e cos movementos repetitivos realizados durante a prestación de servizos.

O traballador prestaba servizos desde agosto de 2012 para unha empresa dedicada á manipulación de cartón, coa categoría de oficial cualificado. O 9 de novembro de 2020 iniciou un proceso de IT que foi cualificado inicialmente como derivado de EC, co diagnóstico de tendinite calcificada.

No posterior expediente administrativo de determinación da continxencia fíxose constar que presentaba unha hernia discal C5-C6 e distintas patoloxías no ombreiro dereito. Unha primeira resonancia magnética reflectía unha posible rotura do labrum, sen alteracións no manguito dos rotadores nin no tendón longo do bíceps. Porén, unha artroresonancia posterior evidenciaba unha tendinopatía inflamatoria do supraespinoso, unha lesión SLAP e artrose.

Támén consta que o servizo de prevención declarara o traballador apto condicionado durante tres meses e recomendara que evitase a manipulación manual de cargas superiores a 15 quilogramos, o traballo mantido cos brazos por encima dos ombreiros e os movementos repetitivos.

Con estes antecedentes, o INSS declarou que a IT derivaba de EC. Impugnada xudicialmente esta decisión polo traballador, o Xulgado do Social núm. 7 da Coruña desestimou a demanda e absolveu o INSS, a TXSS, a mutua colaboradora e a empresa empregadora.

O traballador interpuxo recurso de suplicación articulado mediante varios motivos. En primeiro lugar, ao abeiro do art. 193 b) LRXS, solicitou a modificación do relato de feitos probados para que se incorporase que as hernias discais e a patoloxía do ombreiro foran producidas polo traballo e que gardaban unha relación directa coa manipulación de cargas e cos movementos repetitivos realizados no seu posto de traballo.

A Sala rexeitou a revisión porque se sustentaba en documentación xa valorada pola xulgadora de instancia -os informes médicos achegados aos autos- e porque non quedara acreditado un erro patente na apreciación da referida proba documental. Segundo a Sala galega, o motivo pretendía, en realidade, substituír a valoración obxectiva e

imparcial efectuada na instancia pola interpretación subxectiva proposta pola parte recorrente.

Para fundamentar o seu criterio, o TSX cita diversas sentenzas do TS que poñen de manifesto a existencia dunha doutrina xurisprudencial plenamente consolidada, iniciada coa sentenza do 11 de xuño de 1993 e continuada, entre outras, polas do 15 e do 26 de xullo e do 26 de setembro de 1995, do 2 e do 11 de novembro de 1998, do 2 de febreiro de 2000, do 24 de outubro de 2002 e do 12 de maio de 2003. Todas elas sosteñen, en síntese, que, para que prospere unha revisión fáctica sustentada en proba documental como a pretendida, o erro denunciado debe quedar acreditado de maneira directa e evidente, o que non acontece no litixio agora comentado.

A decisión da Sala parece acertada neste primeiro punto. A redacción solicitada non se limitaba a incorporar datos obxectivos omitidos, senón que introducía conclusións sobre a orixe laboral das lesións e sobre a existencia dunha relación causal directa entre as patoloxías e o traballo desenvolvido. Trátase, por tanto, de apreciacións xurídicas e médico-causais que dificilmente podían incorporarse ao relato fáctico mediante a simple revisión de documentos previamente valorados.

O núcleo substantivo do recurso céntrase na infracción dos arts. 156 e 157 LXSS e do RD 1299/2006, do 10 de novembro. O traballador sostiña que a súa patoloxía estaba comprendida no grupo 2D do anexo 1 da norma regulamentaria, relativo ás enfermidades provocadas por posturas forzadas e movementos repetitivos, e que, por iso, debía aplicarse a presunción propia das enfermidades profesionais contida no art. 157 LXSS.

O art. 157 LXSS define a EP como “a contraída como consecuencia do traballo executado por conta allea nas actividades que se especifiquen no cadro que se aprobe polas disposicións de aplicación e desenvolvemento desta lei, e que estea provocada pola acción dos elementos ou substancias que no dito cadro se indiquen para cada enfermidade profesional”. Pola súa parte, o grupo 2D do anexo 1 do RD 1299/2006, do 10 de novembro, inclúe as “enfermidades producidas por posturas forzadas e movementos repetitivos

no traballo” e, respecto do ombreiro, identifica a “patoloxía tendinosa crónica do manguito dos rotadores”.

A Sala considera, porén, que a enfermidade padecida polo traballador non era unha “patoloxía tendinosa crónica do manguito dos rotadores”, á que se refire o RD 1299/2006, do 10 de novembro, senón, exclusivamente, unha lesión do labrum. Para chegar a esta conclusión, parte de que non se apreciaban alteracións no manguito dos rotadores nin no tendón longo do bíceps e de que as tarefas desenvolvidas manipulando pranchas de cartón non podían causar a rotura do labrum, todo iso con base no “relato fáctico e na fundamentación xurídica da sentenza de instancia” (FUNDAMENTO XURÍDICO TERCEIRO). Por iso, carece de sentido encadrar a patoloxía diagnosticada —lesión do labrum— no grupo 2D, entre as patoloxías provocadas por “posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo”.

Con esta argumentación, a sentenza de suplicación distingue correctamente entre o axente ou mecanismo de exposición causante da patoloxía -posturas forzadas e movementos repetitivos no traballo- e a concreta enfermidade incluída no cadro do RD 1299/2006, que, neste suposto, é a “patoloxía tendinosa crónica do manguito dos rotadores”. A partir de aí, a concorrencia de movementos repetitivos non converte automaticamente en profesional calquera lesión localizada no ombreiro. En definitiva, para que opere o réxime do art. 157 LXSS deben coincidir a patoloxía, o axente e a actividade recollidos no cadro.

Desde esta perspectiva, tamén é correcta a conclusión do TSX sobre a presunción de laboralidade contida no art. 157 LXSS. Esta só pode despregar os seus efectos cando se acredita que a enfermidade de que se trate está comprendida no cadro e que o traballador desenvolveu unha actividade susceptible de provocala. Se a lesión determinante é unha rotura do labrum e non está expresamente recollida no RD 1299/2006, non cabe presumir a súa orixe profesional polo simple feito de que o posto comporte esforzos ou movementos repetitivos.

Non obstante, a fundamentación da sentenza presenta un aspecto discutible que afecta á propia identificación da patoloxía sometida a valoración. O relato de feitos probados

non se refire unicamente a unha posible rotura do labrum. Tamén recolle expresamente outras lesións -"tendinopatía inflamatoria do supraespinoso"-, xunto cunha lesión SLAP e artrose. Malia iso, a Sala centra toda a súa argumentación na lesión labral e afirma reiteradamente que a patoloxía constatada é a rotura do labrum. Non explica por que prescinde dos demais diagnósticos, se tiñan ou non carácter crónico, nin se gardaban relación coa patoloxía causante da IT. Tampouco aclara como se concilian as dúas resonancias que constan nos autos, con diagnósticos diverxentes.

Tal omisión resulta relevante porque o cadro regulamentario non contempla xenericamente as lesións do ombreiro, pero si a patoloxía tendinosa crónica do manguito dos rotadores. A decisión esixía, por tanto, precisar con especial rigor cal era a lesión realmente determinante do proceso de IT e por que a tendinopatía reflectida nunha das probas diagnósticas non podía encadrarse naquela descrición.

A crítica non permite afirmar, unicamente a partir do texto da resolución, que o resultado acadado sexa necesariamente incorrecto. A cualificación como EP podería ser improcedente se a doenza causante da baixa fose exclusivamente a lesión do labrum ou se a tendinopatía carecese de entidade, cronicidade ou relación coas limitacións funcionais. Porén, estas circunstancias deberían ter sido explicitadas. A insuficiencia reside, por tanto, máis na motivación ca necesariamente no fallo.

Tamén resulta rechamante que a Sala apenas analice a correspondencia entre as tarefas efectivamente desenvolvidas e as actividades descritas no cadro de enfermidades profesionais. Os feitos probados indican que o servizo de prevención recomendou evitar a manipulación de cargas, os movementos repetitivos e o mantemento dos brazos por encima dos ombreiros. Tales medidas non proban por si mesmas a orixe profesional da lesión, pero si evidencian a presenza no posto de factores biomecánicos próximos aos descritos no grupo 2D do RD 1299/2006.

A resolución descarta que a manipulación de pranchas de cartón puidese causar a rotura do labrum, pero non examina separadamente se aqueles movementos podían relacionarse coa tendinopatía diagnosticada. Mestúranse así dúas

cuestións distintas: por unha banda, a correspondencia entre a concreta lesión e a enfermidade incluída no cadro; por outra, a adecuación entre as tarefas desenvolvidas e a actividade capaz de producila. Unha análise máis ordenada debería ter abordado sucesivamente ambos os elementos.

No último motivo do recurso, e ao abeiro do art. 193 b) LRXS, o traballador alegou que o que sufrira o 28 de setembro de 2020 fora un accidente de traballo, cando, realizando "tarefas auxiliares non correspondentes á súa profesión", experimentara unha "dor aguda no ombreiro que podería ter dado lugar á rotura do labrum" (FUNDAMENTO XURÍDICO CUARTO). Ao respecto, aínda que a sentenza obxecto desta recensión non o indica, a regulación do accidente de traballo -e non da enfermidade profesional- está prevista no art. 156.2 LXSS, cuxo apartado e) dispón que "terán a consideración de accidentes de traballo: e) as enfermidades, non incluídas no artigo seguinte, que contraia o traballador con motivo da realización do seu traballo, sempre que se probe que a enfermidade tivo por causa exclusiva a execución deste". Presúmese que o demandante pretendía a aplicación deste precepto.

Porén, á marxe de que puidese ou non estar no certo, a Sala rexeitou esa posibilidade por tratarse dunha cuestión nova que non fora formulada nin debatida na instancia.

Desde logo, a solución resulta coherente co carácter extraordinario do recurso de suplicación. Non é posible transformar nesta fase unha pretensión de recoñecemento dunha enfermidade profesional noutra diferente, fundada na existencia dun accidente de traballo, cando os feitos constitutivos desta segunda continxencia non foron obxecto de alegación e proba no proceso de instancia. O cambio alteraría os termos do debate e limitaría as posibilidades de defensa das partes recorridas.

A sentenza engade que tampouco podía valorarse a suposta asistencia do traballador á mutua o día do accidente nin a posible declaración dun compañeiro que tería presenciado as súas dificultades para mover o brazo. O documento invocado non constaba nas actuacións e o compañeiro non fora proposto como testemuña durante o xuízo. Estas carencias probatorias poñen de manifesto a importancia de formular

desde o inicio, mesmo con carácter subsidiario, todas as posibles cualificacións profesionais da continxencia e de chegar os elementos necesarios para acreditarlas.

En definitiva, a sentenza aplica correctamente a configuración legal da EP como unha categoría vinculada ao cadro regulamentario e lembra que a exposición a posturas forzadas ou movementos repetitivos non abonda para cualificar como profesional calquera patoloxía musculoesquelética. Tamén resulta fundada a negativa a examinar en suplicación a existencia dun accidente de traballo non formulado na instancia.

Como xa se sinalou, a principal debilidade da argumentación da sentenza reside na falta dunha delimitación suficientemente clara da patoloxía causante da IT. A resolución identifica a doenza exclusivamente coa lesión do labrum, malia que os feitos probados mencionan tamén unha tendinopatía inflamatoria do supraespinoso, e non explica as razóns polas que esta última debe quedar á marxe da análise. Tampouco examina de forma autónoma a correspondencia entre as tarefas realizadas e os factores de risco previstos no cadro regulamentario.

En suma, o fallo da sentenza pode ser xuridicamente defendible, pero requiriría unha motivación máis precisa, capaz de distinguir entre as distintas patoloxías diagnosticadas, identificar cal delas orixinou a baixa e analizar separadamente a súa posible inclusión no cadro e a súa conexión coas condicións concretas de traballo. Só a partir desta secuencia argumental pode determinarse con seguridade se procede ou non aplicar a presunción inherente ao sistema de enfermidades profesionais.